

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE POLA QUE SE NOMEA UNHA COMISIÓN XESTORA PARA A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

ANTECEDENTES

1. O 31.03.2026 esta Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) aprobou o regulamento e calendario electorais da Federación Galega de Pesca e Casting (FGP), tras a aprobación da asemblea xeral desta no 14.02.2026.

2. Na mesma asemblea do 14.02.2026 a FGP nomeou a comisión xestora que debía asumir as funcións da xunta directiva, en tanto non tomen posesión dos cargos as persoas membros dos órganos de goberno da FGP. Nomeadamente:

- Manuel Mouzo Méndez.
- Juan Manuel Castro Fuentes.
- José Ramón Castro Varela.
- Victor Manuel Ferreiro Fariña.
- Alejandro Pérez Trebolle.
- Antonio Cortés Araujo.
- José Antonio Pardo Martín.
- Juan Ramiro Agra Requeijo.
- Manuel Campos Cruces.
- Benigno Francisco Rodríguez Bejarano
- Pedro Bolaño Pérez.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela



- Gabriel Fernández Vázquez.
- Pablo De Andrés Vales.
- Borja Amoedo Sancho.
- Juan José Moimenta Prieto.
- Manuel Rodríguez Meira
- Ramón Souto Perez

3. O 10.04.2026 a FGP convocou as eleccións, tal e como prevía o seu regulamento e calendario electorais. Nese momento a xunta directiva cesou na súa actividade e comezou a exercer as súas funcións a citada comisión xestora.

4. O 11.05.2026 a xunta electoral da FGP enviou a esta SXD a renuncia de todas as persoas membros da súa comisión xestora, xa que todas elas presentaron candidatura para seren integrantes da nova asemblea xeral. Deste xeito a FGP ficou sen persoas responsables da súa xestión ordinaria. Os órganos competentes para nomear a comisión xestora atópanse disoltos (assemblea xera e xunta directiva).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. O artigo 5.1.j) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG núm. 71, do 13.04.2026), na súa versión consolidada, atribúe á Administración autonómica a facultade de coordinar e tutelar as federacións deportivas galegas no exercicio das funcións públicas que teñen delegadas, sen prexuízo da súa actividade privada.

A situación xurídica na que se atopa a FGP, sen órgano de goberno e sen secretaría, impide o axeitado exercicio das súas competencias, mesmo a súa xestión ordinaria. O feito de carecer dunha persoa titular da presidencia produce unha situación de bloqueo do seu normal funcionamento e, en consecuencia, tamén do exercicio das funcións públicas que teñen encomendadas. A Xunta de Galicia, como Administración titora das federacións deportivas galegas, ten o deber de intervir



para evitar calquera impedimento no exercicio das ditas funcións, especialmente as contidas de forma explícita no artigo 56.4 da Lei 3/2012.

Segundo. O artigo 56.4.e), en concreto, sinala como unha función pública delegada, exercida en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno. A dimisión de todas as persoas integrantes da comisión xestora e a imposibilidade de nomear unha nova que administre e xestione a federación durante o proceso electoral obrigan á Administración a exercer as devanditas facultades da entidade co fin de que se cumpra o sinalado no parágrafo anterior.

Terceiro. O artigo 57 da Lei do Deporte de Galicia establece que co fin de garantir o cumprimento efectivo das funcións públicas atribuídas ás federacións deportivas galegas, a Administración autonómica ten as seguintes competencias e atribucións:

"4. (...)o nomeamento dunha comisión xestora específica para tal fin cando non fose posible a constitución da prevista con carácter xeral nas normas reguladoras dos procesos electorais."

Tendo en conta todo o anterior, RESOLVO:

1. Nomear a seguinte comisión xestora, que asumirá a xestión da FGP ata a toma de posesión das persoas membros dos seus órganos de goberno:

Presidenta: Cristina Pedrosa Leis, avogada en exercicio
Secretario: Manuel Lobato Iglesias, avogado en exercicio
Tesoureiro: José Antonio Montero Vilar, avogado en exercicio

2. Ordenar á comisión xestora que dimitiu que devolva, con carácter inmediato, se non o fixer, todas as claves bancarias e informáticas, tarxetas, chaves ou calquera



outro elemento ou dispositivo necesario para a administración da federación. En particular, deberá presentar unha listaxe coas contas bancarias das que a citada entidade sexa titular. A tal fin, achegaraos ás dependencias da FGP ou da Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo improrrogable de dous días desde a notificación desta resolución.

3. Inscribir no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia a composición da comisión xestora.

4. Ordenar a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da FGP e na súa páxina web.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, que se ha de contar desde o día seguinte ao da súa notificación, consonte os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Roberto García Fernández

O secretario xeral para o Deporte

